

efectividad de tal delegación en período voluntario, en tanto no se extinguiera la obligación existente con la persona encargada del servicio municipal de recaudación, y una vez efectuados los trámites que regularizaron su situación jurídica, la relación contractual se extinguíó el pasado 15/05/2012.

En consecuencia, esta entidad procederá a cumplir íntegramente el acuerdo de delegación, teniendo plena efectividad el segundo de ellos, por lo que desde este momento y en adelante, será Diputación Provincial el organismo encargado de la "gestión, inspección y recaudación del impuesto sobre vehículos de tracción mecánica", tanto en período voluntario como en período ejecutivo, siendo ya de aplicación al actual ejercicio 2012.

Para ello y con el fin de recaudar dicho impuesto ,especialmente el del presente ejercicio, esta entidad facilitará toda la información necesaria para llevar a cabo las tareas previas, y en todo momento se prestará cualquier colaboración que sea precisa, en aras de conseguir una recaudación más ágil y efectiva".

A base décimoterceira (réxime de vixencia), non seu apartado 3, establece que:

"3- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, calquera concello poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nestas bases, mediante acordo plenario comunicado á Deputación Provincial e producirá efecto dende a data da súa publicación non BOP e no DOG".

Lugo, 2 de xullo de 2012.- O Presidente P.D. Decreto nº 2821/2011, de data 15-07-2011 A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, M^a del Pilar García Porto, O Secretario, José Antonio Mourelle Cillero

R. 3043

CONCELLOS

MONDOÑEDO

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICION AO PUBLICO E RECADACION DE TAXAS MUNICIPAIS DO 3º BIMESTRE DO ANO 2012

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión celebrada o día 5 de Xullo do 2012 aprobou os seguintes Padróns:

PADRONS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA E RECOLLIDA DE LIXO CORRESPONDENTES AO 3º BIMESTRE.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPOÑENSE AO PUBLICO os devanditos padróns para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalos e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que as taxas obxecto deste anuncio estarán ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de agosto ó 30 de Setembro, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demás conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 11 de Xullo do 2012.- O Alcalde,

R. 3047

A PASTORIZA

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de 26 de maio de 2012 aprobou inicialmente a nova ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello da Pastoriza.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DA PASTORIZA

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible do imposto, a realización, dentro do termo municipal, de calquera construcción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtéñase ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este concello.

2. As construcións, instalacións ou obras ás que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) As obras de construcción de edificación e instalacións de todas as clases de nova planta.
- b) As obras de ampliación ou reforma de edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- c) As modificacións ou reformas que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de todas as clases existentes.
- d) As modificacións do aspecto exterior dos edificios e instalacións de todas as classes existentes.
- e) As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios, calquera que sexa o seu uso.
- f) As obras que teñan que realizarse con carácter provisional no caso en que estean xustificadas, que deberán derrubarse cando o acorde o Concello, sen dereito a indemnización, de acordo co establecido na regulación urbanística.
- g) As obras de instalación de servizos públicos.
- h) Os movementos de terra, tales como desmonte, aplanamento, excavación e terraplenado, salvo que tales actos estean detallados e programados como obras a efectuar nun proxecto de urbanización ou de edificación aprobado e autorizado.
- i) A demolición das construcións, salvo en casos declarados de ruína inminente.
- j) As instalacións subterráneas dedicadas a aparcadoiros, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso ó que se destine o subsolo.
- k) A colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública.
- l) E, en xeral, calquera outra construcción, instalación ou obra que requira licenza urbanística segundo o previsto na legislación vixente, plans, normas ou ordenanzas.

ARTIGO 2 . SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos de este imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construcción, instalación ou obra, sexan ou non os propietarios do inmoble sobre a que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construcción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construcción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS.

Están exentas de este imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas ao mesmo, vaian a ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e de augas residuais, ainda que a xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de inversión nova como de conservación.

ARTIGO 4. BONIFICACIÓN.

A cota do imposto sobre construcións, instalacións ou obras será susceptible de bonificación nos seguintes supostos:

1. Bonificación a favor de construcciones, instalaciones e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou historico-artísticas que reúnan as seguintes características:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas, Entidades Locais e os seus respectivos Organismos Autónomos, gozarán da bonificación en cota do 95 % polas construcciones, instalaciones e obras destinadas a hospitais, ambulatorios e educación infantil, primaria e secundaria.

b) O Estado, as Comunidades Autónomas, Entidades Locais e os seus respectivos Organismos Autónomos, gozarán da bonificación en cota do 50 % polas construcciones, instalaciones e obras destinadas a centros educativo-culturais, sanitarios, asistenciais, sociais, culto-relixioso e os que se refiren á conservación, rehabilitación ou protección dos bens inmobles ou dos espazos de interese que figuren nos Catálogos de Bens e Espazos Protexidos.

c) Así mesmo, aquellas entidades, asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro terán unha bonificación na cota do imposto do 50 % polas mesmas construcciones, instalaciones e obras recollidas nos apartados a) e b) do presente artigo.

2. Os suxeitos pasivos gozarán dunha bonificación do 50 % por aquellas construcciones, instalaciones e obras que afecten a vivendas e outras edificacións que se caractericen pola súa especial vinculación co sector primario de carácter agrícola, gandeiro ou forestal.

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de membro de familia numerosa na data de devengo do imposto, e no relativo a aquellas construcciones, instalaciones e obras que afecten a súa vivenda habitual familiar, terán os seguintes porcentaxes de bonificación, conforme ás categorías de familia numerosa establecidas na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas:

Categoría Xeral: 30 % de bonificación da cota íntegra.

Categoría Especial: 90 % de bonificación na cota íntegra.

A tal efecto, entenderase por vivenda habitual familiar aquela na que estea empadroado o suxeito pasivo que teña a condición de membro de familia numerosa acreditada mediante a presentación do correspondente título, ou aquela vivenda que vaia a selo nun prazo máximo dun ano unha vez terminada a a construcción, instalación ou obra.

4. Bonificación do 80 % a favor das construcciones, instalaciones e obras específicas que sexan necesarias para favorecer o acceso e habitabilidade dos discapacitados, por aquela parte do proxecto que afecte unicamente a estas construcciones, instalaciones e obras.

5. Bonificación a favor das construcciones, instalaciones ou obras referentes a vivendas de protección oficial: 50%.

No caso de que concorran máis dunha bonificación na mesma solicitude aplicarase a más elevada.

As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

a) Solicitud do interesado que deberá presentarse coincidindo coa solicitud das correspondente licenza.

b) Informe dos servizos municipais correspondentes.

c) Acordo da Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

1. A base imponible deste imposto está constituída polo costo real e efectivo da construcción, instalación ou obra, e enténdese por tal o costo de execución material da mesma.

2. A cota do imposto é a resultante de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame é do 3,50 %.

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construcción, instalación ou obra.

ARTIGO 6. XESTIÓN

1. Cando se conceda a licenza preceptiva practicarase a liquidación determinándose a base imponible en función do presupuesto presentado polos interesados. No suposto de desconformidade co presupuesto presentado, a base imponible será determinada polos servizos técnicos municipais, de acordo co custe estimado das construcciones, instalacións e obras.

2. Unha vez terminadas as construcións, instalacións ou obras, o Concello poderá realizar a oportuna comprobación, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, segundo proceda, a cantidade que resulte.

ARTIGO 7. INSPECCIÓN E RECADACIÓN.

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 8. INFRACCIONES E SANCIONES.

En todo o relativo á cualificación das infracciones tributarias como tamén a determinación das sancións que polas mesmas correspondan no seu caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e comezará a aplicarse a partir do primeiro día do mes seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor mentres non se modifique ou derrogue expresamente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

A presente ordenanza fiscal derroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello, desde o momento da efectiva aplicación da presente Ordenanza.

A Pastoriza, 10 de xullo de 2012.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 3048

RIBADEO

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 212 do TR da Lei de Facendas Locais faise público que a Conta Xeral deste Concello do exercicio 2011 formada pola Intervención Municipal e informada pola Comisión Especial de Facenda e Contas en sesión de 5 de xullo de 2012 se somete a información pública durante o prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio.

Durante os mesmos e 8 días máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes.

Ribadeo, 9 de xullo de 2012.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3050

SARRIA

Anuncio

"Solicitándose desta Alcaldía por D./Dna. GERARDO RODRÍGUEZ POMBO, Licenza Municipal para LEGALIZACIÓN DE ESTABLO, ESTERCOLEIRO E SILO, en Calvor - Perros - Políg 56 Parc 231, deste Concello, e en cumprimento do disposto no artigo 8º do Decreto 133/2008, de 12 de Xuño, polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, sométese a información pública polo termo de vinte días hábiles, ó obxecto de que durante o mesmo poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, e se poidan formular as alegacións que se estimen oportunas".

Sarria, a 4 de Xullo de 2012.- O Alcalde, José Antonio García López.

R. 3051

XOVE

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 10 de Xullo de 2.012, prestouse aprobación inicial ó Padrón do Imposto de Actividades Económicas correspondente ó exercicio de 2.012 pola parte cuia xestión corresponde ao Concello de Xove.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago do imposto, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poida ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes,